

aruxas e gorteyos

Fiestas en A Fonsagrada PATRONALES EN HONOR A SANTA MARÍA

GASTRONOMÍA, MÚSICA Y ACTOS
RELIXIOSOS PROTAGONIZAN UNOS
FESTEJOS MUY ESPERADOS

A Fonsagrada honra a Santa María con tres días de festa

Tradición As patronais ábrense mañá co concurso cabalar e unha paellada e continuarán coa música como protagonista

▶ TEXTO: R.L.

FOTO: AEP

AS FESTAS patronais da Fonsagrada, na honra a Santa María, celebráranse desde mañá e ata o sábado, organizadas por un grupo «de dez ou 15 chavales de entre 20 e 25 anos», segundo explicaron desde a propia comisión.

Os festexos deste ano retómanse despois de dous sen celebrarse e inclúen unha ampla variedade de propostas. A troula e a música serán as grandes protagonistas xunto á cultura e a tradición.

«Este ano costounos volver a empezar, porque a comisión creámola antes da pandemia e logo estivo todo parado», engadiron. «Hai xente que daquela tiña máis tempo e agora dispón de menos, ben porque comezou a traballar ou porque cambiou a situación da súa vida», explicaron desde a organización dos festexos.

Aínda así, e malia iniciar os preparativos das patronais «algo tarde, a mediados de xullo» este grupo de mozos decidiu levar a cabo as festas outra vez «e facelas o mellor posible, dispoñendo dos medios que nos facilitou o Concello, co noso traballo, as aportacións veciñais e algo que tiñamos do último ano. Así as financiamos», engaden en relación ás patronais da Fonsagrada, que contan cun orzamento «duns 23.000 euros».

Mañá, día da patroa, a xornada

iniciárase co tradicional concurso de gando cabalar, mular e asnal «un dos eventos con máis tradicións do día grande das festas, que coinciden cun día festivo en Asturias e vén moita xente desa comunidade ata A Fonsagrada», comentaron os organizadores.

A COMISIÓN DAS FESTAS ESTÁ INTEGRADA ESTE ANO POR UN GRUPO DE RAPACES DE ENTRE 20 E 25 ANOS DE IDADE

OS FESTEXOS TERÁN UN ORZAMENTO DUNS 23.000 EUROS PROCEDENTES DAS APORTACIÓNS VECIÑAIS, DE EMPRESAS E DO CONCELLO

Ao ser o venres festivo local en A Fonsagrada, o día 8 pola noite a comisión das festas organiza «unha paellada popular para xuntarnos os veciños do pobo á cea, botar uns contos e reunirmos todo o pobo. Trátase dunha paellada na que compras unha camiseta por un importe de 10 euros —estarán á venda todo o día no campo da festa, na Praza da Igrexa— que serve para adquirir unha ración de paella».



Público na cita gastronómica da noite e a procesión, en anteriores edicións das festas.

A artista local Tania e o seu acordeón, e posteriormente o Grupo Madastur, serán os encargados de amenizar a verbena. Ademais, á medianoite celebrárase unha queimada popular.

Os actos do venres comezarán cunha sesión vermú, prevista para as 13.30 horas e que estará amenizada pola charanga Louband, que se paseará polos diferentes bares da localidade. Esta mesma actividade realizarase tamén ás 19.30 horas. Ás 23.30 está previsto o inicio da verbena, a cargo de orquestra Escaparate e o grupo Platinum.

O sábado haberá unha nova sesión vermú polos bares da localidade con Dmiron. Ás 18.30 está prevista unha actuación de Antaruxas e Sorteiros. «Está presente todos os anos e en todos os eventos, porque é a agrupación cultural que representa A Fonsagrada. Ten que ter cabida no cartel», comentaron desde a comisión organizadora.

Ás 23.30, iniciárase a última das verbenas co grupo Punto Crave e a

PROGRAMA

MAÑÁ, DÍA DA PATROA

▶ Feira do cabalo.

21.30 ▶ Paellada popular gratuíta.

23.30 ▶ Verbena coa Tania e o seu acordeón e o grupo Madastur.

00.00 ▶ Queimada popular.

VENRES 9

13.30 ▶ Vermú polos bares da vila coa actuación da charanga Louband.

19.30 ▶ Pasadobres polos bares con Dmiron.

23.30 ▶ Verbena coa orquestra Escaparate e o grupo Platinum.

SÁBADO 10

13.30 ▶ Vermú polos bares da vila con Dmiron.

18.30 ▶ Actuación de Antaruxas e Sorteiros.

23.30 ▶ Verbena coa actuación do grupo Punto Crave e a orquestra Sinfonía.

orquestra Sinfonía.

Desde a comisión organizadora chaman a asistir e participar na festa, pasalo ben e «vir ata A Fonsagrada, que todas as persoas que o desexen se acheguen a coñecer este concello, a degustar a paella mañá e os demais días a gozar das nosas festas patronais», explicaron os organizadores.

Pola súa banda, o alcalde da Fonsagrada, Carlos López, destacou que o Concello colabora coas festas «a nivel de infraestruturas e tamén cunha aportación económica, dos dous xeitos».

López salientou o traballo «dunha comisión organizadora integrada por un grupo de rapaces da vila, que son quen fan a programación e, ao mesmo tempo, recadan e piden á veciñanza e ás casas comerciais os correspondentes donativos para poder facer as festas».

«A xente ten ganas de reunirse coas familias e celebrar as patronais, pois son unhas festas diferentes ás que hai no verán, porque aquí por estas datas vén moita

Allianz



José Ángel Fernández Carrin
Mediador de seguros
Agente Exclusivo Reg. N° 526/0089

Tel. y Fax: 982 35 00 93 | Rúa dos Artesáns, n° 1, local-3 | 27100 | A Fonsagrada (LUGO)

Las Rías
ELFERR-RIAS
ELECTRODOMESTICOS, FERRERÍA, MOBILIARIO DE COCINA

TUEN 21

Avda. Asturias, 6 - Telf. 982 34 02 37
A Fonsagrada

Onde Luis bar

... bocatas racións táboas

982 340 460
Avda. de Galicia, 17. A Fonsagrada



xente que leva moitos anos fóra da Fonsagrada, en A Coruña, Vigo e noutros moitos sitios. Son uns

festexos moito máis locais», indicou o rexedor, quen quixo animar a participar nas festas e agradeceu

a colaboración da veciñanza e as empresas coa comisión organizadora. «Se ben todos sabemos que

este é un momento difícil, gustaríame agradecer ás empresas hostaleiras e doutros sectores que

colaboran coas festas, e pedirles que saian todos á rúa para gozar destas datas festivas», afirmou.



ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MONTES E VALES ORIENTAIS - GDR3

LEADER 2023-2027

Proceso participativo de desenvolvemento local

Poden formar parte todas as entidades do territorio
(asociacións de mulleres, de xente nova, veciñais, culturais, ambientais, cooperativas, comunidades de montes, entidades de economía social, e outras)

Coñeces as necesidades do territorio?

@conecta co **GDR**

 982 355 290 - 659 275 743  montes.vales.orientais@gmail.com

 <https://www.facebook.com/montes.valesorientais.7>





A mostra instalouse anteriormente no Museo Provincial de Lugo e no seu percorrer cara a Barcelona tamén pasou por Monforte e San Román antes de recalar desde hoxe na Fonsagrada.

A muller migrante como motor do desenvolvemento rural na provincia

‘Proximidade Llunyana’ A exposición itinerante que se inaugura na Fonsagrada hoxe honra o percorrido vital das lucenses que no século XX marcharon a Barcelona

▶ TEXTO: R.L.
FOTO: AEP

A FONSAGRADA acolle hoxe, ás 19.00 horas, a inauguración na Praza do Concello e no marco das patronais da mostra ‘Proximidade Llunyana’, un proxecto itinerante que xa percorreu Lugo, Monforte e San Román (Cervantes), e que o 18 de decembro rematará en Barcelona, coincidindo co Día do Emigrante.

No acto participarán Tareixa Antía Ferreiro Tallón, vicepresidenta da Deputación de Lugo; Carlos López López, alcalde da Fonsagrada; Xosé Molina Vázquez, presidente

do padroado do Museo Etnográfico da Fonsagrada, e Encarna Lago González, xerente da Rede Museística da Deputación e comisaria da exposición.

Previamente, ás 17.00 horas, haberá dous obradoiros: ‘Pegadas na tea’ e ‘Teatro na maleta’ e, posteriormente, unha representación teatral e unha actuación musical a cargo de Laura Burguet Fernández. Se chove trasladaranse ao Museo Etnográfico da Fonsagrada.

No primeiro dos obradoiros, pensado para todos os públicos, as persoas participantes representarán o seu pasado e máis o das súas devanceiras en láminas de

tea, deixando así pegadas de pintura que contarán as historias soterradas na migración. O segundo, dirixido a crianzas e adolescentes, consistirá na creación dunha obra teatral baseada na migración, as historias familiares, a memoria colectiva e o amor ás raíces. Representase antes da inauguración para conectar ás crianzas coas historias e testemuños.

‘Proximidade Llunyana’ é un dos proxectos que xunto a ‘Recolectoras: Muller e terra’ e ‘Fotografías Centripetas’ conforman o programa Mulleres Rurais, que plasma a dimensión espacial e temporal da emigración de Lugo a Barcelona

no século XX, co testemuño das mulleres que achegan a realidade do éxodo rural da posguerra. Conmemórase a vida das mulleres —cinco delas da Fonsagrada— que renunciaron a o seu universo coñecido pola ansia dunha vida mellor. Revivense súas historias, mostrando os museos como contedores e conectores da memoria colectiva, construíndo historias individuais que aportan unha perspectiva global de como a emigración afectou ás netas, nais e avoas.

Unha montaña de equipaxe apilada foi a protagonista nos vagóns do Tren de Xangai, encargado de transportar aos viaxeiros á

terra prometida. A maleta como representación da vida enlatada da muller migrante que abandonou a súa casa en Lugo para iniciar unha nova vida en Barcelona, pótencíase nun diálogo entre presente e pasado a través de obxectos, cartas e fotografías.

O obxectivo é indagar, investigar e conservar de xeito transversal as historias familiares, converténdoa nunha mostra en constante evolución que busca respostas do pasado para mirar ao futuro. Rescátase un mundo esquecido, honrando e poñendo nome a cada unha destas mulleres, motores do desenvolvemento rural.



Restaurante - Pulpería
CALDEIRA
1954
PULPO / MARISCOS / PESCADOS / CARNES

MENÚ PEREGRINO

982 340 541
C/ Burón, 24 / A Fonsagrada (Lugo)

panadería Méndez
pan artesan
empanadas
asados
repostería

982 340 278
608 987 807

Avda. Galicia 28
A FONSAGRADA (Lugo)

MENDEZ Y DUARTE, S.L.

ALUMINIOS

- CARPINTERÍA METÁLICA • PVC • ALUMINIO
- CRISTALES • PERSIANAS • MAMPARAS DE BAÑO

As Rodas, s/n • Telf. 982 340 313 - 669 892 475 • 27100 FONSAGRADA (Lugo)

Carlos López ALCALDE DA FONSGRADA

«Hai que combinar o respecto ao medio co desenvolvemento»

► TEXTO: R.L.
FOTO: XESÚS PONTE/AEP

O alcalde da Fonsagrada, Carlos López, destaca a importancia do Concurso de Gando Cabalar que abrirá as festas patronais e incide na importancia dun desenvolvemento industrial sostible e respectuoso

Que evento destacaría dentro da programación das festas?

Nestas festas están englobadas tamén as feiras. Xa fixemos a feira do gando que foi o día, 3 e tamén organizamos a feira do cabalo, que será este xoves 8, na xornada que marca o inicio das festas.

A Fonsagrada ten unha grande oferta de emprego que, non obstante, non se cubre. Por que?

Neste concello hai unha grande oferta de emprego, aínda que pasa como pasa en case toda a España do rural, que non se dá cuberto. A falta de solo industrial tamén nos condiciona. Agora estanse a resolver todos os recursos xudiciais que se presentaron por algunha xente da Fonsagrada ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e

retrasaron a súa tramitación. Agora, en principio, o Tribunal Supremo rechazou o último destes recursos, pero aínda así hai xente que pensa que é mellor que A Fonsagrada non teña un polígono industrial.

Como marcha entón agora o proxecto para desenvolver ese parque empresarial?

Agora mesmo temos o proxecto xa practicamente redactado, a falta dos informes sectoriais. O que nos queda é firmar o convenio coa Deputación de Lugo.

Tamén están traballando no desenvolvemento dun parque eólico en colaboración con concellos da Montaña lucense?

Hai interese por parte dalgunhas empresas en instalar parques eólicos. Segundo nos van chegando as solicitudes e os proxectos estudíamolos. Non nos negamos a que se instalen en solo municipal, porque as enerxías alternativas son imprescindibles para poder crear empresas e que sexan competitivas. A enerxía convencional está moi cara. Hai que ir ás alternativas. En A Fonsagrada, pola súa altitude, hai empresas interesadas na instalación de parques eólicos. Nos o

que revisamos cando nos chegan os proxectos é que as empresas cumpran todos os requisitos previstos na lei e que estean alonxadas dos núcleos rurais. A partir de aí palpamos tamén a sensibilidade dos veciños ao respecto. É un tema delicado no que non se pode tomar unha postura determinante sen antes saber exactamente a ubicación dese parque. Hai que combinar o máximo respecto ao medio ambiente e paisaxístico co desenvolvemento industrial da zona.

A nivel turístico o principal recurso continúa a ser o Camiño?

O Camiño de Santiago é sen dúbida o recurso turístico por excelencia na Fonsagrada nos últimos anos, xunto coa paisaxe, as rutas de sendeirismo e todos os lugares que só se atopan neste concello. O Camiño de Santiago aporta moita riqueza, cun elevado número de persoas que percorren a diario a ruta xacobea. Isto a nivel servizos tradúcese nunha fonte de ingresos moi importante.

De feito abríronse recentemente novos establecementos hosteleros no concello

No ano anterior á pandemia abri-



Carlos López.

ron varios establecementos novos, o hotel albergue Casa Cuartel, o hostal Pórtico, e o restaurante hotel Piñeiral, á entrada da Fonsagrada desde Lugo. Todos eles súmanse á oferta hostaleira xa existente e apóianse en dous referentes deste

municipio tan importantes como son a gastronomía e o Camiño Primtivo, porque ao final son arredor das 20.000 persoas que chegan ata Fonsagrada, pois ao ser fin dunha etapa e principio doutra esto nó-tase moito.



Concello da Fonsagrada

Terra de Seimeiras

O Alcalde e a Corporación deséxanlles a tódolos veciños, veciñas e visitantes unhas

Felices Festas

A Fonsagrada acolle o seu tradicional concurso de gando cabalar, mular e asnal

Probas morfolóxicas Durante o evento desenvolverase a Copa Galicia de Pura Raza Galega e o xurado estará composto por membros da Federación Hípica Galega

► TEXTO: R.L.
FOTOS: AEP

A FONSAGRADA acollerá mañá a vixésima novena edición do seu tradicional concurso de gando, cabalar, mular e asnal. A cita comezará ás 8.00 horas e incluír probas morfolóxicas na Praza do Concello, con participación de gando asnal, mular, ponis, cabalos e eguas do país, cabalos e eguas cruzados e cabalos e eguas de pura raza galega, nunha proba puntuable para a vixésima primeira Copa Galicia de Pura Raza Galega.

O evento organízao o Concello de A Fonsagrada e haberá trofeos e premios en metálico, así como un galardón especial ao mellor exemplar da zona. O gando recibírase no recinto do mercado gandeiro e os propietarios das reses recollerán o número e inscribiranse na oficina disposta para este concurso. Os animais deberán estar perfectamente identificados e o recinto pechará ás 10.30 horas, polo que non poderán participar os que cheguen despois desesa hora.

O xurado estará composto por membros da Federación Hípica Galega.

A coincidencia da feira cabalar coas festas patronais de A Fonsagrada débese a que a mediados dos anos cincuenta se decidiu cambiar as festas para que coincidiran cos días de feira, e así fose máis a xente que se achegase ata a localidade. A tradición mantense aínda hoxe e permite que o evento logre ser multitudinario, tanto en visitantes como en número de reses, que adoitan superar todos os anos o cento entre cabalos, eguas, mulas ou ponis.

A cita conta cunha gran tradición na comarca pola importancia do gando, tanto nos traballos do agro como na economía, incluso para a subsistencia.



Exemplares e público en anteriores edicións do concurso.



Complejo O PIÑEIRAL
www.opineiral.com • info@opineiral.com

Reserva o teu cocido máis tradicional
Restaurante • Cafetería • Hotel • Albergue 1ª

Carretera de Lugo, km. 3,900 • A FONSAGRADA (Lugo) • Tel.: 982 340 350 - 606 165 752

O PAN de IRIA
panadería
pastelería
café

Pan artesano
Empanadas caseras
Asados por encargo
Bollería, Repostería

982 106 135
C/ Burón, 11 - A Fonsagrada

MOSTEIRÍN
ZAPATERÍA

Avda. de Galicia, n.º 3 baixo
27100 - A Fonsagrada-Lugo
Telf. 982 340 494

Cadena 88
ferretería Aldofer

Avda. de Galicia, 16 - A FONSAGRADA
Teléfono: 613 03 19 94

Antaruxas e Sorteiros revitaliza as tradicións

Implicación A agrupación cultural fonsagradina mantén a súa colaboración cos festexos e actuará nas patronais o sábado

► TEXTO: R.L.
FOTO: XESÚS PONTE (AEP)

A AGRUPACIÓN cultural Antaruxas e Sorteiros, que pertence á asociación cultural do mesmo nome, xorde na Fonsagrada no ano 1979 como iniciativa popular, coa intención de recompilar a historia da comarca a través da música e o baile.

Antaruxas e Sorteiros manterán un ano máis a súa colaboración coas festas fonsagradinas e actuará durante a tarde do sábado.

O traballo desta asociación céntrase na promoción da cultura galega, sumando ás novas xeracións ao seu proxecto e ofrecendo unha alternativa cultural e lúdica no municipio e na comarca da Montaña, ademais de organizar anualmente a Mostra Folclórica da Fonsagra-

da, que o pasado mes de agosto acadou a súa vixésimo terceira edición coas actuacións do grupo folclórico Virgen de los Ángeles, de Ciudad Real; a agrupación folclórica La Sidrina, de Asturias; o grupo de música tradicional da escola municipal Beatriz Osorio, de León, e os propios organizadores.

Emilia Llano é na actualidade a presidenta dun colectivo cuxa xunta directiva complétase con Emilio Arias Fernández (vicepresidente); Teresa Rodil Fernández (secretaria); Silvia Freije Jardón (tesoureira); Pablo Ferreiro Viade, Lola Niño Pérez; Nuria Capón Domínguez e Mónica González Fernández (vogais).

No tocante a programación actual da asociación inclúense actividades como baile tradicional, pandeiro, pandeira, gaita e percusión



Integrantes de Antaruxas e Sorteiros, nunha homenaxe a Ernesto Lagarón.

e polavila. Ademais e ao longo de todo o ano está previsto organizar diferentes actividades.

Da parte musical da asociación encárgase o profesor Pepe Vaamonde. A parte de baile tradicional está dirixida polo mestre Ismael Carcedo e por Borja Ma-

rondo en canto a mestre de polavilas.

A agrupación cultural Antaruxas e Sorteiros combina unha técnica moi depurada cos modos e usos tradicionais, como se aprecia nas vestimentas dos seus integrantes e no uso dos instrumentos musi-

cais propios de A Fonsagrada.

Pola súa ininterrompida actividade folclórica e os seus traballos de investigación, esta agrupación está considerada como un dos grupos que mellor saben conservar a idiosincrasia do pobo fonsagradino.



PIENSOS O COTO

Racións e texturas para vacún de leite de alta calidade
Os mellores manturios e máis variados para vacún e cebo
Asesoramento e servizos ó gandeiro, do máis persoal
Sementes de pradeiras, millo, etc.
Encalantes
Fitosanitarios, forraxes
Cereais
Plásticos para agricultura e gandería
Xaulas e accesorios



Calidade de principio a fin

Recomendado para os SOLOS ÁCIDOS do Norte Peninsular

CALIDADE EXTRA NOS SEUS PASTOS!

Completo e Equilibrado

ABONOS ESPECIAIS



FERTILVERDE

Coto de Pedreira, s/n • A FONSGRADA (Lugo) • Teléfono: 982 340 300 • administracion@benjaminvalledor.com



SERVICIO PERMANENTE DE GRÚA

TALLERES Y GRUAS

ALVAREZ



SERVICIO OFICIAL STIHL

Venta y Reparación de Maquinaria Forestal

Calle Mayor, 53 • 27100 • A FONSGRADA (LUGO) • Teléfono: 982 34 03 34

O Camiño Primitivo na Fonsagrada impulsa a dinamización da economía

Esforzo A ruta xacobeá é un dos principais atractivos turísticos dun concello que destaca pola súa natureza e a capacidade para crear emprego en diferentes sectores

► TEXTO: R.L.
FOTO: AEP

O CAMIÑO Primitivo é un dos principais atractivos turísticos na Fonsagrada, xunto ás súas paisaxes naturais, ao patrimonio histórico artístico e á gastronomía, entre outros. Todos eles contribúen de xeito decisivo á dinamización socioeconómica dun municipio que destaca pola súa capacidade para crear emprego, tanto no sector da hostalería como no agrogandeiro e incluso no industrial.

O Camiño Primitivo recorre os actuais concellos da Fonsagrada (antigo Pobra de Burón), Baleira, Castroverde, Lugo, Guntín de Pallares, Friol, Palas de Rei, Toques, Melide, Arzúa, O Pino e Compostela. No concello fonsagradino, o Camiño entra polo porto do Acebo, paralelo á C-630, buscando o hospital de Fonfría; seguindo por Barbeitos e Silvela o Camiño Real achégase a Paradanova ('parada nova'), topónimo con sabor a peregrinación, onde se ramifica.

Dende aquí, a ruta máis antiga baixaba polo Norte cara á Pobra de Burón, capital do concello ata 1835. Posteriormente, unha desviación pola Fonsagrada tratou de acortar camiño, subindo dende Paradanova ata A Praza, na Fonsagrada, desembocando xusto na Fonte Sagrada.

Logo o Camiño de Santiago sobe polo casco antigo da vila, baixando cara a poñente, camiño de Padrón (onde existe un albergue de peregrinos en funcionamento), antes de buscar a encrucillada da Santa Cruz. Seguidamente, a vereda achégase a Vilardongo —pola capela— para atoparse coa vía buronesa preto de Pedrafitelas, antes de seguir por riba de Montouto ('monte outo') buscando O Muradal.

En Montouto atópanse os res-



Público na exposición '1992-2022, 30 anos da recuperación popular do Camiño Primitivo'.

tos do antigo hospital de Santiago de Montouto, fundado en 1357 polo rei de Castela Pedro I O Cruel, coa fin de ofrecer acollida aos peregrinos que se dirixían a Compostela dende Asturias. Apoucos metros atopamos as grandes pedras dun dolmen neolítico. Finalmente, o Camiño pasa por Parada vella ('parada vella'), topónimo que de novo indica o paso por estas terras dunha ruta de peregrinación, antes de chegar ao concello do Cádavo.

Mostra de instrumentos

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo, coincidindo co 70 aniversario da fundación do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad), exhibe no Museo Comarcal da Fonsagrada o proxecto 'A memoria do son', ata o 31 deste mes e vencella-da ao Camiño de Santiago.

Estra mostra itinerante compendia o resultado das investigacións sobre a música e instrumentos medievais que se desenvolveron no obradoiro de instrumentos musicais do Centrad. Sete instrumentos construídos a partir da iconografía do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, do Pazo de Xelmírez e das cantigas de Alfonso X son os protagonistas da mostra: unha ziga, unha rota, unha cítola, unha zanfona, unha viola de perna, unha viola de brazo e un organistro.

Ademais, a exposición, comisariada por Luciano Pérez, complétese cun catálogo guía en varios idiomas, gravacións co son de cada instrumento, para descargar polos visitantes a través de códigos QR, e un salterio con tres partituras diferentes para que as persoas que

visiten a mostra poidan tocalo.

A mostra coincide co setenta aniversario da fundación do taller de instrumentos musicais galegos

O MUSEO ETNOGRÁFICO DA FONSGRADA ACOLLE DURANTE TODO O ANO INICIATIVAS DIRIXIDAS A VISITANTES E PEREGRINOS

polo artesán Paulino Pérez —recoñecido por ser pioneiro en Galicia en construción de zanfonas— no ano 1951 co apoio da Deputación de Lugo.

O obradoiro, que tivo como primeira localización o Pazo de San

Marcos, na cidade amurallada, orientouse á construción, recuperación e revitalización de instrumentos do patrimonio musical galego e á formación de mestres artesáns.

Desde o ano 1995, o obradoiro permanece integrado no Centro de Artesanía e Deseño, espazo que acolle unha exposición permanente de Instrumentos Musicais e Obxectos Sonoros, recoñecida como unha das coleccións máis importantes en Europa de instrumentos de corda medievais dos séculos XII e XIII.

O Museo Etnográfico da Fonsagrada tamén acolleu en agosto a apertura da Exposición '1992-2022 30 anos da recuperación popular do Camiño Primitivo', na que se analiza o papel deste municipio na recuperación desta ruta xacobeá, declarada Patrimonio da Humanidade, a partir do foro celebrado en 1992 cunhas xornadas sobre o trazado do Camiño Primitivo na zona, cando o historiador Ricardo Polín propuxo que se lle dese esta denominación que despois se fixo oficial.

De forma paralela á apertura da mostra presentouse tamén a obra de Polín 'El carro de siete luces', que recolle a memoria inmaterial do Camino Primitivo a través de sesenta relatos co fin de divulgar «a pegada de personaxes e de sucesos vencellados á cultura camiñeira». Na exposición incluíronse fotos recompiladas por A Fonsagrada para poñer en valor a recuperación do Camino Primitivo, tanto polos responsables do museo etnográfico como polo propio Polín, que recollen momentos claves na mobilización popular que impulsou as primeiras iniciativas para recuperar a ruta, nun proxecto xurdido no contexto das protestas para reclamar o mantemento da oficina agraria comarcal na localidade.

Aserradeiro e secadeiros

Especialidade en castaño e madeira para rehabilitacións e tarimas

Xestoso, s/n • A Fonsagrada (Lugo) • madefoncooperativa@gmail.com • Telefonos.: 982 357 243 - 696 523 209